

## ERTE

- ¿Que é un ERTE por causa de forza maior? É un expediente de regulación de emprego que supón a suspensión temporal do contrato de traballo nunhas condicións especiais.
- ¿Que se entende por causa de forza maior? Son aquelas debidas a incendios, terremotos, inundacións ou a calquera outra causa que dimane dun feito externo alleo á actividade do empresario/a, sendo esa situación imprevisible e inevitable. Debe ser constatada pola autoridade laboral, calquera que sexa o número de traballadores/ as afectados/ as, previo procedemento tramitado conforme a normativa
- ¿Onde está regulado legalmente? Nos artigos 45, 47 e 51 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- ¿Como se tramita? Reiníciase mediante solicitude da empresa, acompañada das probas que estime necesarias e, simultaneamente, comunícase aos Representantes Legais dos traballadores como parte interesada na tramitación. A autoridade laboral, no prazo de cinco días desde a solicitude, constata a existencia da forza maior alegada e autoriza a suspensión temporal dos contratos de traballo.
- ¿En que situación quedan persoas socias traballadoras e traballadoras/é? Neste suposto de suspensión de contrato por razóns de forza maior, a persoa que traballa atópase en situación legal de desemprego. O SEPE pode autorizar que o tempo no que se perciban as prestacións por desemprego non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, neses supostos, pódese autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores/ as que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.